

*“Sistemas de Xestión da Información Científica (CRIS – Current Research Information Systems), instrumentos óptimos para abordar a recollida e explotación de datos sobre a actividade científica institucional en universidades e centros de investigación”*

- **Data:** 24 a 26 de febreiro de 2021.
- **Duración:** 10 horas lectivas.
- **Sesións por videoconferencia** (será requirido rexistro previo):
  - 24 feb.
  - 25 feb.
  - 26 feb.
- **Organizador:** Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG).
- **Docente:** D. Pablo de Castro, secretario da asociación sen ánimo de lucro [EuroCRIS](#) (Países Baixos) e responsable de apoio á investigación en materia de acceso aberto na [Universidade de Strathclyde](#) (Glasgow).
- **Dirixido a:** Persoal da biblioteca, persoal dos equipos de apoio á investigación, persoal de xestión de fondos europeos, persoal que traballa no CRIS institucional.
- **Obxectivo do curso:**


Os Sistemas de Xestión da Información Científica ([CRIS - Current Research Information Systems](#)) son os instrumentos óptimos para abordar a recollida e explotación de datos sobre a actividade científica institucional en universidades e centros de investigación.

A implantación dun CRIS require dunha estratexia institucional dada a natureza altamente distribuída das tarefas, e require dun elevado nivel de colaboración e coordinación internas.

Este curso está deseñado para que bibliotecas e oficinas de investigación institucionais teñan a oportunidade de abordar conxuntamente o modo en que os sistemas CRIS se poden empregar de maneira óptima para a captura de todos os múltiples aspectos da actividade de investigación na institución.

O obxectivo principal do curso é destacar as melloras nos fluxos de traballo en torno ás actividades de *Reporting* ou *Business Intelligence*, que poden obterse como resultado dunha recollida de datos comprensiva e ben coordinada.

## Sistemas de Xestión da Información Científica (CRIS - Current Research Information Systems)



CISUG



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

USC  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Universidade de Vigo

24 a 26 de febreiro de 2021

Organizado polo

Consorcio Interuniversitario  
do Sistema Universitario de Galicia  
(CISUG)

## PROGRAMA

### Mércores 24 de febreiro de 2021

*(3 horas lectivas e pausa de 15')*

- 10:00 - 10:15** Benvida e introdución ó curso.
- 10:15 - 12:15** Panorámica sobre os sistemas CRIS. O modelo CERIF (*Common European Research Information Format*). Interoperabilidade de sistemas.
- 12:15 - 13:15** Xestores de sistemas CRIS: Quen, Que, Como.

### Xoves 25 de febreiro de 2021

*(4 horas lectivas e pausa de 15')*

- 10:00 - 11:00** Acceso aberto e sistemas CRIS (mais repositorios). Ciencia aberta. Fluxos de traballo. Monitorización.
- 11:00 - 12:15** Proxectos financiados como entidades chave para o seguimento de resultados de investigación.
- 12:15 - 14:15** Sistemas CRIS en España<sup>(1)</sup>. Políticas. Información de financiación.

### Venres 26 de febreiro de 2021

*(3 horas lectivas e pausa de 15')*

- 10:00 - 11:00** Interoperabilidade dos sistemas CRIS con OpenAIRE.
- 11:00 - 12:15** Implantación dun CRIS institucional: ¿por onde empezar?.
- 12:15 - 13:15** Medida do impacto da investigación cun Sistema CRIS.

~

O instructor achegará varios casos prácticos con exemplos concretos de xestión da información científica en áreas temáticas próximas a las universidades galegas. Estes se debaterán de maneira transversal durante o curso.

~

<sup>(1)</sup> La sesión sobre “Sistemas CRIS en España” contará con dos intervenciones invitadas de 30 minutos cada una por parte de **Anna Guillaumet**, SIGMA AIE y miembro del euroCRIS Board, y del equipo del Portal de la Recerca de Catalunya (PRC) integrado por **Lluís Anglada**, **Ricard de la Vega** y **Sandra Reoyo** (CSUC)

